<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender as ideas principais dun texto escrito.	PE	30
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender as ideas principais dun texto escrito.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Facer presentacións explicativas sobre as linguas de España.	TI	70
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Reflexionar sobre a variedade lingüística.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar a linguaxe discriminatoria e malintencionada.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	Empregar a lingua oral para resolver conflitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Comprender as ideas principais dun texto oral.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Empregar os coñecementos propios para mellorar a comprensión lectora.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mellorar os borradores de escritura.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Tratar a información de forma correcta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Mellorar os borradores de escritura.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Facer comentarios literarios de forma autónoma.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler e comentar libros e textos de forma optativa.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Facer traballos sobre as lecturas e compartilos.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Facer traballos das lecturas obrigatorias.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Reflexionar de forma crítica sobre as lecturas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos literarios a partir de modelos.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mellorar os borradores de escritura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade.

Contidos

- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España.
- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.
- Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.
- Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
 - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
 - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.

Contidos

- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar as ideas principais dun texto escrito.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer a variedade lingüística de España.		
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Apreciar a variedade lingüística como fonte de riqueza.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Recoñecer e evitar os usos discriminatorios na linguaxe.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	Respectar as normas da comunicación oral.	TI	70
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Empregar os coñecementos lingüísticos na comprensión escrita.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mellorar os borradores de escritura.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Aprender a tratar a información de modo correcto.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Mellorar os borradores de escritura.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mellorar os borradores de escritura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade.
- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España.
- Desenvolvemento da reflexión interlingüística.
- Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
 - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
 - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
 - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
 - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico da materia debe ter en conta varios aspectos. Por unha banda, a materia debe ter como obxectivo acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos estudantes. A capacidade comunicativa nunca pode estar desligada da vida real. Por outra banda, tendo en conta que un dos principais problemas é a falta de motivación do noso alumnado, cómpre empregar metodoloxías activas e motivadoras.

Hai que ter en conta, por suposto, os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos.

Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía que fomente o pensamento crítico e reflexivo a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos.

Un enfoque metodolóxico que dá cabida a todos estes aspectos é a aprendizaxe baseada en proxectos que dean resposta a retos e problemas da vida real. Traballar desta maneira supón poñer o alumnado en situacións que simulen contextos reais para, así, mobilizar os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes. É un marco de aprendizaxe no que se poden poñer en xogo as competencias: trátase de situar a aprendizaxe nun contexto real para poder avalialas.

Ademais, debemos resaltar a importancia da lectura, de todo tipo de textos, como unha actividade fundamental na nosa materia. A lectura debe servir como eixe vertebrador: en tódalas unidades a lectura de diferentes tipos de textos resultará fundamental para o desenvolvemento das mesmas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador de aula
Ordenadores E-Dixgal

O encerado dixital consiste nunha gran pantalla onde poder ver presentacións, vídeos...

As aulas dispoñen tamén dun ordenador conectado ao encerado dixital.

Os materiais da materia serán cargados en E-Dixgal, xa que o alumnado dispón dun ordenador persoal

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso. Por unha banda, realizarase unha proba específica de avaliación inicial que servirá para coñecer o punto de partida do alumnado con respecto a materia; así mesmo, tamén serán valorados os informes recibidos dos cursos anteriores, así como a información proporcionada nas reunións de avaliación inicial levadas a cabo nos primeiros días de setembro.

Por outra banda, esta avaliación inicial continuará nas primeiras semanas con diversas actividades orais, escritas, literarias... que axuden a coñecer mellor o noso alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	80	80	85	30	32	40	30	30	30	48
Táboa de indicadores	20	20	15	70	68	60	70	70	70	52

Criterios de cualificación:

Como dixemos, comezaremos o curso pola avaliación inicial, que poderá iniciarse cunha proba determinada, pero que continuará durante as primeiras semanas do curso coa observación directa do profesorado nas diversas actividades preparadas para o inicio da materia.

Como norma xeral, realizaranse dous exames por trimestre. Así mesmo, poderase pedir tamén a realización dalgún traballo planificado e explicado coa suficiente antelación. A nota media obtida nos exames ou traballos realizados supoñerá o 90 % da nota da avaliación. Hai que advertir que nas probas escritas descontarase 0,1 por cada erro ortográfico (acentos incluídos) ou léxico ata un máximo dun punto.

O 10 % restante sairá da nota de traballo diario do alumno: realización de tarefas, presentación de caderno, participación en clase.

Según criterio de cada profesor, poderá realizarse un traballo sobre unha lectura voluntaria que subiría a nota final ata 0,5 puntos. De todas formas, soamente poderá entregarse un por trimestre.

A nota da avaliación final sairá da media aritmética das tres avaliacións.

Unha vez realizadas todas as probas e calculadas as medias correspondentes, o criterio fundamental para redondear á alza será que as décimas sexan iguais ou superiores a 5.

Para os criterios de recuperación da materia pendente de 3º, véase punto 9.2 desta programación.

Criterios de recuperación:

Tras cada trimestre os alumnos suspensos terán a posibilidade de realizar un exame de recuperación. A nota definitiva da avaliación será igual á que se obteña en dita recuperación.

O exame do 3.º trimestre adiantarase uns días con respecto ao final do curso co obxectivo de ofrecer ao alumnado que teña o curso suspenso unha posibilidade de recuperar a materia e que esta non quede pendente para o curso seguinte. Polo tanto, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia terá a posibilidade de recuperala cunha proba, que poderá ser de toda a materia ou das partes que teña suspensas cada alumno. En calquera caso, o valor do exame corresponderase co valor que tiveron ditos contidos durante o desenvolvemento do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será obxecto dende principio de curso dunha atención especial tanto por parte do docente da materia en curso como por parte do xefe de departamento, que o manterán informado dos criterios para recuperar a materia (ver apartado 9):

6. Medidas de atención á diversidade

É necesario detectar canto antes o alumnado que necesita unha axuda extra no seu proceso de aprendizaxe. Para iso, ademais de ter en conta os informes recibidos do equipo docente dos cursos anteriores, contaremos cunha avaliación inicial que se levará a cabo nas primeiras sesións do curso. Unha vez detectado o alumnado cunha maior necesidade de apoio educativo estableceranse unhas liñas a seguir en coordinación co Departamento de Orientación do centro.

En concreto, serán obxecto dunha especial atención os seguintes grupos de alumnos:

- Para aqueles que presenten necesidades educativas especiais que así o precisen faranse adaptacións curriculares significativas que poderán reducir ou simplificar os obxectivos da materia do curso.

- O alumnado repetidor ou coa materia pendente tamén terá un plan específico de reforzo.
 - No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.
- En xeral, dependendo da casuística do alumnado, cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como o emprego de grafías de maior tamaño, a priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación (oral, escrita, visual e/ou táctil), a adaptación das diferentes probas de avaliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico			X			X		
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X						

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concursos organizados pola biblioteca do centro	Participaremos nos diferentes concursos literarios organizados dende o Equipo de Biblioteca coa fin de fomentar o pracer pola escrita e a lectura.	X	X	X

Observacións:

É posible a organización, durante o curso, dunha saída ao teatro se algunha das obras representadas na nosa comarca pode ser de interese para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Cumpriuse a estimación temporal marcada na programación para cada trimestre.
Empregáronse as medidas metodolóxicas reflectidas na programación.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Descrición:

Comprobarase se, tras cada trimestre, cumpriuse coa estimación temporal establecida, o emprego das medidas metodolóxicas reflectidas na programación e se se aplicaron os procedementos e criterios de avaliación establecidos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado a información básica sobre a mesma.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Estas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

Cumpriuse a estimación temporal marcada na programación para cada trimestre?

Empregáronse as medidas metodolóxicas reflectidas na programación?

Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica?

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, contido que quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

1. LECTURAS OBRIGATORIAS

Este é un listado de libros heteroxéneo do que se escollerán, en función da percepción do docente con respecto ao seu grupo de alumnos e ás súas inquietudes, as lecturas obrigatorias de cada trimestre:

Lazarillo de Tormes

ALEJANDRO CASONA: Retablo jovial

MIGUEL DE CERVANTES: Novelas ejemplares

NANDO LÓPEZ: La edad de la ira

ELOY MORENO: Invisible

ROSA HUERTAS: Tuerto, maldito y enamorado

CARLOS RUIZ ZAFÓN: Marina

MAITE CARRANZA: Palabras envenenadas

JOSÉ LUIS ALONSO DE SANTOS: La estanquera de Vallecas

JEAN-PIERRE MARTÍNEZ: El pueblo más cutre de España

2. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE (2º ESO)

1. O alumnado coa materia pendente será obxecto dende principio de curso dunha atención especial por parte do docente, que poderá establecer e temporizar tarefas de recuperación e reforzo nos aqueles aspectos que sexan necesarios.

2.. Haberá unha proba xeral (maio) na que se poderá aprobar a materia.

3. Tamén quedará aprobada a materia (cun 5) no caso de aprobar os dous primeiros trimestres da materia do curso no que se encontra actualmente.

4. Finalmente, aprobará a materia pendente (cun 5) se se aproba a materia do curso presente.